

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 18 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se lle dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no terceiro cuadrimestre do ano 2008.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG número 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo primeiro.-Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no ano 2008, que se incorporan como anexo a esta resolución e que non foron publicitados na resolución do 20 de xaneiro de 2009 da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicado no DOG número 24, do 4 de febreiro.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2009.

Santiago Antonio Roura Gómez
Secretario xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no ano 2008, non publicados anteriormente

Convenio	Importe €	Data sinatura
Convenio de colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e a <i>Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín</i> sobre o Plan de actuación conxunto para a realización da Aula Iberoamericana do Consello Xeral do Poder Xudicial para o ano 2008	6.000 €	27-10-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade da Coruña para a promoción da investigación xurídica e a difusión das súas conclusións	12.600 €	26-11-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento do Programa de reeducación para maltratadores de xénero: Plan de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia	85.268 €	17-12-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a asistencia psicolóxica forense á Administración de Xustiza en Galicia	55.987 €	23-12-2008

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, e se convocan para o ano 2009.

O Regulamento (CE) 479/2008 do Consello, do 29 de abril, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, se modifican os Regulamentos (CE) 1493/1999, (CE) 1782/2003, (CE) 1290/2005 e (CE) 3/2008 e se derrogan os Regulamentos (CEE) 2392/86 e (CE) 1493/1999, xunto co Regulamento (CE) 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) 479/2008 do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo aos programas de apoio, o comercio con países terceiros, o potencial produtivo e os controis no sector vitivinícola, incorporan importantes modificacións en materia de normas de regulación do mercado vitivinícola con relación ás dispostas na anterior normativa mediante o Regulamento (CE) 1493/1999, do 17 de marzo, polo que se establecía a organización común do mercado vitivinícola.

O título II do antedito Regulamento 479/2008, do Consello, introduce un programa de apoio específico para o sector vitivinícola, consistente nunha serie de medidas de carácter financeiro cuxa finalidade é reforzar as estruturas competitivas dos produtores; entre estas medidas encóntranse a promoción nos mercados de países terceiros.

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, recolle o conxunto de disposicións que desenvolven o programa de apoio do sector para a aplicación do novo marco normativo co obxecto de contribuír á mellora da competitividade do sector vitivinícola español, dentro das que se encontran aspectos relativos á promoción nos mercados de terceiros países.

Esta medida persegue fomentar o coñecemento das características e cualidades dos viños españois, co fin de contribuír á mellora da súa posición competitiva e a consolidación ou, de ser o caso, á apertura de novos mercados en países terceiros.

O citado Real decreto 244/2009 atribúelles aos órganos competentes das comunidades autónomas onde se localice o domicilio social do solicitante, a instrución, resolución e pagamento das axudas. Procede, polo tanto, ditar as normas necesarias para establecer o procedemento de aplicación do mencionado real decreto no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das solicitudes presentadas por beneficiarios que teñan o seu domicilio social nela e poder facer efectivas as axudas dependendo das disponibilidades orzamentarias.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no

uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, e realizar a convocatoria para o ano 2009.

SECCIÓN PRIMEIRA

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE MEDIDAS DE PROMOCIÓN DO SECTOR VITIVINÍCOLA EN MERCADOS DE PAÍSES TERCEIROS

Artigo 2º.-*Réxime xurídico.*

O réxime xurídico aplicable ás axudas que regulan estas bases está integrado polo Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co establecido no seu artigo 3.3º e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve de acordo co establecido no seu artigo 2.1º.

Artigo 3º.-*Tipos de accións e duración dos programas.*

1. As medidas de información e promoción dos viños en países terceiros poderán incluír calquera das accións mencionadas no artigo 10 do Regulamento (CE) 479/2008, do Consello, do 29 de abril e as actividades relacionadas no anexo III.

2. Estas accións deberán levarse a cabo preferentemente no marco dun programa de información e de promoción, entendido como tal o conxunto de accións de promoción coherentes cuxo alcance sexa suficiente para contribuír a aumentar a información sobre os produtos en cuestión, así como a súa comercialización.

3. Os programas poderán ter unha duración máxima de tres anos por beneficiario e país.

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán presentar solicitudes para acollerse ao financiamento das medidas de promoción en terceiros países as seguintes figuras xurídicas con sede social na Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Empresas vinícolas.
- b) Organizacións de produtores e organizacións interprofesionais definidas no capítulo VII do título III do Regulamento (CE) 479/2008, do Consello, do 29 de abril.
- c) Órganos de xestión e de representación das indicacións xeográficas vitivinícolas.
- d) Asociacións de exportadores e consorcios de exportación.

e) Entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas por empresas vitícolas que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.

2. Os beneficiarios deberán demostrar suficiente capacidade para afrontar as exigencias de comercio cos países terceiros e medios para asegurar que a medida se implementa o máis efectivamente posible. Deberán, así mesmo garantir a dispoñibilidade, en cantidade e calidade, de produtos para asegurar a resposta fronte ás demandas que se poidan xerar como efecto da promoción realizada.

Artigo 5º.-*Produtos e países que poden ser obxecto de accións.*

1. Poderán ser obxecto das medidas de promoción os produtos de calidade, destinados ao consumo directo, detallados no anexo IV, que contén con posibilidades de exportación ou de novas saídas comerciais en países terceiros e que pertencen a algunha das seguintes categorías:

- a) Viños con denominación de orixe protexida.
- b) Viños con indicación xeográfica protexida.
- c) Viños en que se indique a variedade de uva de vinificación.

Artigo 6º.-*Características das accións e programas.*

1. As accións e programas estarán claramente definidos especificando o país ou países a que se dirixen, os tipos de viños que inclúen, as medidas que se pretenden levar a cabo e os custos estimados de cada unha delas.

2. As accións distribuiranse en períodos de 12 meses que comezarán o 1 de agosto, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única desta orde.

3. As mensaxes basearanse nas cualidades intrínsecas do produto e deberán axustarse á normativa aplicable nos países terceiros a que van destinados.

4. No caso dos viños que contén cunha indicación xeográfica, deberá especificarse a orixe do produto como parte da campaña de información e promoción.

5. Sen prexuízo do disposto nos números 3 e 4, as referencias a marcas, de ser o caso, poderán formar parte da mensaxe.

Artigo 7º.-*Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados que reúnan as condicións previstas no artigo 4º presentarán as propostas de accións e programas e a documentación correspondente en instancia dirixida ao conselleiro do Medio Rural, de acordo co modelo que figura no anexo I que vai con esta orde, como máis tarde o 31 de marzo de cada ano, segundo o que se estableza na convocatoria correspondente.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela ou nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de cal-

quera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que indica que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

3. As accións e programas presentados deberán conter cando menos a información prevista no anexo II e:

-Cumprir o disposto nesta orde.

-Respectar a normativa comunitaria relativa aos produtos considerados e a súa comercialización.

-Estar o suficientemente desenvolto como para que poida avaliarse a súa conformidade coa normativa aplicable e a súa relación calidade/prezo.

-Especificarán os medios propios ou externos con que se contará para desenvolver as accións previstas.

4. Non se concederán nin pagarán subvencións a solicitantes ou beneficiarios que non estean ao día nas obrigas tributarias (Ministerio de Economía e Facenda) e coa Seguridade Social, ou que teñan débedas pendentes de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Economía e Facenda) consonte o establecido nos artigos 11 e 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para eses efectos, a presentación da solicitude de axuda supón a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións acreditativas correspondentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Economía e Facenda, consonte o establecido no artigo 10 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-*Instrución e resolución.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria a instrución do procedemento. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta orde, a dita dirección xeral requirirá o interesado para que a repare no prazo máximo e improrrogable de dez días, e indicalle que, se non o fixese, se considerará que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O exame e valoración das solicitudes levaraos a cabo unha comisión de valoración constituída do seguinte xeito:

-Presidente: o subdirector xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria.

-Vogais: dous funcionarios do Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria.

-Secretario: un funcionario do dito servizo, que actuará con voz e sen voto.

3. A comisión de valoración, facendo aplicación dos criterios establecidos no anexo V e das especificacións en relación coa súa avaliación recollidas no anexo V-B, examinará as solicitudes presentadas e emitirá un informe coa valoración, que elevará á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, a cal elaborará unha lista provisional cos programas seleccionados priorizados, que remitirá ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño antes do 1 de maio de cada ano.

O informe de valoración da comisión deberá conter unha relación dos solicitantes para os cales se propón a axuda e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

En caso de empate, darase prioridade aos programas presentados por microempresas e pequenas e medianas empresas, e as marcas comerciais colectivas.

4. De acordo co establecido no artigo 10 do Real decreto 244/2009, no seo da Mesa de Promoción Alimentaria, aprobada na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do 19 de febreiro de 2007, integrada por representantes do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e as comunidades autónomas, constituirase unha Comisión Nacional de Selección de Programas.

Esta comisión será a responsable de elaborar a lista definitiva das accións e programas que se lle propoñerán á Conferencia Sectorial para a súa aprobación.

5. Unha vez aprobada pola Conferencia Sectorial a lista definitiva das accións e programas seleccionados e as condicións establecidas para eles, as solicitudes correspondentes á Comunidade Autónoma serán resoltas polo conselleiro do Medio Rural no prazo máximo de 6 meses contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, poderase entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

6. A resolución de concesión indicará os gastos considerados como subvencionables, así como as condicións xerais e particulares que se consideren necesarias para garantir o cumprimento dos obxectivos da axuda. Especificamente indicará o prazo

máximo para a realización e xustificación dos gastos efectuados.

A dita resolución de concesión indicará expresamente a procedencia dos fondos.

7. As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados en aplicación desta orde ou da respectiva orde de convocatoria anual esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se a resolución é expresa.

8. No caso de resolución positiva, os beneficiarios comunicaranlle, no prazo de 15 días a partir da notificación desta, á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria a aceptación da resolución nos termos establecidos así como a xustificación da constitución dunha garantía, de acordo coas condicións previstas no Regulamento (CEE) 2220/85, da Comisión, do 22 de xullo, polo que se establecen as modalidades comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas, por un importe non inferior ao 15% do montante anual do financiamento comunitario, co fin de asegurar a correcta execución do programa.

9. A exigencia principal, de acordo co artigo 20 do Regulamento (CEE) nº 2220/85 da Comisión, do 22 de xullo, será a execución das accións obxecto da resolución favorable, que deberá acadar, polo menos, o cumprimento do 75% do orzamento total.

10. No caso de se producir a desistencia por parte dalgún beneficiario cuxa solicitude fose obxecto de resolución estimatoria, procederase a resolver favorablemente as solicitudes inmediatamente seguintes da listaxe definitiva, ata o límite das dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 9º.-*Modalidades de pagamento das axudas.*

1. As axudas para execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros pagaranse despois da xustificación dos investimentos de acordo co establecido no artigo 10º.

2. Non obstante, o beneficiario poderá solicitar un anticipo polo 80% da contribución comunitaria anual.

O pagamento dun anticipo supeditarase á constitución dunha garantía financeira, por un importe igual ao 110% do anticipo da axuda, de conformidade

coas condicións establecidas no título III do Regulamento (CEE) 2220/85, da Comisión, do 22 de xullo.

Artigo 10º.-*Tramitación do pagamento das axudas.*

1. Os beneficiarios poderán elixir entre a posibilidade de solicitar un único pagamento ou pagamentos intermedios da contribución comunitaria anual. As solicitudes referiranse a accións realizadas e pagadas.

2. Todos os pagamentos deben realizarse a través dunha conta única dedicada en exclusiva a este fin.

3. As solicitudes de pagamentos intermedios deberán presentarse antes de que remate o mes civil seguinte a aquel en que expire cada período de catro meses, a partir do 1 de agosto.

Os pagamentos intermedios e o pagamento do anticipo previsto no artigo 10º non poderán superar no seu conxunto o 80% do total da contribución comunitaria.

4. Unha vez finalizadas as accións de cada anualidade, antes de que remate o mes seguinte, o beneficiario solicitará o pagamento da axuda e presentará, preferentemente nos servizos centrais ou nas delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural, sempre destinada á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, en Santiago de Compostela a seguinte documentación:

a) Un informe resumo das actuacións desagregadas en actividades co correspondente importe orzamentario e o custo final de cada unha delas, e unha avaliación dos resultados obtidos que poden verificarse na data do informe;

b) Copias das facturas dos pagamentos realizados. No caso de accións cuxa execución se subcontrate a provedores de servizos, deberase achegar a factura do provedor final e a proba do pagamento efectivo;

c) Extracto bancario da conta mencionada na alínea 5 do presente artigo en que se poida comprobar a realización dos pagamentos xustificadas mediante as facturas citadas na letra b) desta alínea.

5. O pagamento estará supeditado á presentación das contas auditadas e informes de control realizados por unha empresa de auditoría de recoñecido prestixio ou, no seu defecto, á verificación por parte do persoal da Consellería do Medio Rural das facturas e os documentos mencionados no parágrafo 4 deste artigo.

Artigo 11º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderanse modificar produtos, actividades e custos das accións e programas cando sexa patente

que se obterían mellores resultados coas modificacións propostas. Calquera destas modificacións debe ser obxecto dunha notificación á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural nun prazo de, cando menos 15 días anteriores a súa realización.

3. Calquera modificación orzamentaria que afecte a máis do 15% do orzamento previsto para cada actuación deberá ser autorizada polo conselleiro do Medio Rural.

4. En ningún caso se poderá modificar á alza os orzamentos aprobados para os programas.

5. A Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria comunicarlle ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño antes do 1 de xuño, as modificacións producidas ata o 1 de maio que afecten as anualidades en curso.

6. As modificacións que afecten a anualidades non comezadas deberán ser notificadas, antes do 1 de abril, á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, para a súa aprobación polo órgano competente que, á súa vez, llas comunicará ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño antes do 1 de maio.

Artigo 12º.-*Incumprimento da resolución de concesión.*

Se o beneficiario da axuda cumpre as condicións establecidas na resolución de concesión, executando e xustificando todos os conceptos dos gastos aprobados nos prazos establecidos, e cumprindo co resto dos requisitos da resolución de concesión, procederá a aboarse a totalidade da subvención concedida.

No caso contrario existirá un incumprimento, aplicándose os seguintes criterios:

-Cando o beneficiario non realice nin xustifique nos prazos establecidos ningunha das actuacións obxecto da axuda, existirá un incumprimento total e non se pagará ningunha axuda.

-Cando o beneficiario realice parcialmente e xustifique nos prazos establecidos as actuacións obxecto da axuda, aboarase a subvención proporcional correspondente sempre que estea relacionada con actuacións finalizadas e se cumpran o resto das condicións establecidas.

Artigo 13º.-*Reintegro da axuda.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e dos xuros de demora acumulados desde o momento do seu pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en xeral, nos casos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O tipo de xuro que se aplicará será o de demora establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e

sancións previsto nos artigos 37 a 45 da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

Artigo 14º.-*Controis.*

1. A Consellería do Medio Rural adoptará as medidas de control necesarias para garantir o cumprimento das actuacións previstas nun plan xeral de control que deberá establecer o Fondo Español de Garantía Agraria, en colaboración coas comunidades autónomas.

2. O plan xeral de control será executado anualmente sobre a base dunha análise de riscos que incluírá, polo menos, o 20% dos programas finalizados no ano anterior e terá por obxecto comprobar:

- a) A exactitude da información facilitada coa solicitude de pagamento.
- b) A realidade e regularidade das facturas presentadas como xustificantes dos gastos.
- c) A exactitude do extracto bancario.
- d) Que non se perciben axudas previstas no artigo 20 letra c), alínea iii), do Regulamento (CE) 1698/2005, ou do artigo 2 número 3 do Regulamento (CE) 3/2008.

3. Con independencia do plan xeral de control a que se refire o parágrafo anterior, a Consellería do Medio Rural poderá desenvolver todas aquelas actuacións de control que considere precisas.

4. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 15º.-*Comprobación do material.*

A Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria comprobará a conformidade do material de información e promoción elaborado no marco dos programas, coa normativa comunitaria e a lexislación do país terceiro en que se desenvolva o programa.

Artigo 16º.-*Autorizacións e obrigas do beneficiario.*

1. De conformidade co artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería do Medio Rural publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, as concesións das subvencións convocadas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita

a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada web.

2. Segundo o establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

3. O beneficiario deberá cumprir as obrigas do artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, así como a modificación de calquera das circunstancias que fundamentasen a concesión da axuda.

Artigo 17º.-*Compatibilidade das axudas.*

Non se financiarán cos fondos do Programa nacional de apoio as medidas que están recollidas nos programas de desenvolvemento rural ao abeiro do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural e as accións de información e de promoción dos produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países recollidas na alínea 3º do artigo 2 do Regulamento (CE) 3/2008, do Consello, do 17 de decembro de 2007.

En ningún caso estas axudas poderán ser acumuladas ou completadas con outras axudas nacionais ou das comunidades autónomas dedicadas á mesma finalidade.

SECCIÓN SEGUNDA

CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA EXECUCIÓN DE MEDIDAS DE PROMOCIÓN DO SECTOR VITIVINÍCOLA EN MERCADOS DE TERCEIROS PAÍSES

Artigo 18º.-*Convocatoria.*

Convócanse, de acordo coas bases reguladoras establecidas na sección primeira desta orde, as axudas para execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros para o ano 2009.

Artigo 19º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria rematará o día 25 de marzo de 2009.

Artigo 20º.-*Gastos atendibles na convocatoria de 2009.*

Para a convocatoria de 2009 serán atendibles os gastos realizados entre os seguintes períodos:

-1 de xaneiro de 2009 e 31 de xullo de 2009.

-1 de agosto de 2009 e 31 de xullo de 2010.

Tamén se poderán solicitar programas plurianuais para realizar ata o 31 de xullo de 2011.

Artigo 21º.-*Financiamento das axudas.*

1. O financiamento das axudas previstas nesta orde procede do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), farase de conformidade co artigo 3 do Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño, sobre o financiamento da política agrícola comunitaria con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.713-D.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e con fondos transferidos do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño de acordo co previsto no Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro.

2. A súa dotación para o exercicio 2009 será de 50.000 euros. Para exercicios futuros, tamén con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.713-D.770.0, disporase de 10.000 euros para o exercicio 2010 e 10.000 euros para o exercicio 2011. Estas dotacións poderán verse incrementadas con outros remanentes orzamentarios, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias.

3. A participación financeira da Comunidade nos programas seleccionados non poderá superar o 50 por cento dos gastos subvencionables. Nos programas de dous ou tres anos de duración este límite máximo considerase para cada ano de execución.

4. A achega económica dos beneficiarios poderá proceder de taxas e contribucións obrigatorias.

Disposición adicional

Única.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde, será de aplicación o disposto nos regulamentos (CE) 479/2008, do Consello, do 29 de abril e 555/2008, da Comisión, do 27 de xuño, no Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que o desenvolve.

Disposición transitoria

Única.-Non obstante o disposto no parágrafo 2 do artigo 6º, poderanse aceptar as accións levadas a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de xullo de 2009, como primeiro período en que se realizarán accións subvencionables.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as instrucións que considere oportunas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2009.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



UNIÓN EUROPEA
FEAGA



ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDA PARA A EXECUCIÓN DE MEDIDAS DE PROMOCIÓN DO SECTOR VITIVINÍCOLA EN MERCADOS DE PAISES TERCEIROS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR440D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE		CIF/NIF	
ENDEREZO SOCIAL		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

Na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
------------------	-----------------	------	-----

IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA

Nº E TÍTULO DO PROGRAMA E ACCIÓN

TIPO DE MEDIDA <input type="checkbox"/> INFORMACIÓN <input type="checkbox"/> PROMOCIÓN <input type="checkbox"/> MIXTA	DURACIÓN <input type="checkbox"/> 12 MESES <input type="checkbox"/> 24 MESES <input type="checkbox"/> 36 MESES
--	---

RESPONSABLE DA EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	TELÉFONO
------------------	-----------------	------	----------

PRODUTO(S)

MERCADO(S) DESTINATARIO(S)

INVESTIMENTO

	1º EXERCICIO DESDE 1-1-2009 ATA 31-7-2009	2º EXERCICIO DESDE 1-8-2009 ATA 31-7-2010	3º EXERCICIO DESDE 1-8-2010 ATA 31-7-2011
IMPORTES (€)			

FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE

SOLICITO, como representante da entidade arriba indicada, as axudas establecidas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p>· Regulamento (CE) nº 479/2008 do Consello, do 29 de abril, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, se modifican os regulamentos (CE) nº 1493/1999, (CE) nº 1782/2003, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 3/2008 e se derrogan os regulamentos (CEE) nº 2392/86 e (CE) nº 1493/1999.</p> <p>· Regulamento (CE) nº 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 479/2008 do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo aos programas de apoio, o comercio con países terceiros, o potencial produtivo e os controis no sector vitivinícola.</p> <p>· Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español.</p> <p>· Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, e se convocan para o ano 2009.</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA		DATA DE EFECTOS		DATA DE SAÍDA
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE								
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA								
	DATA DE EFECTOS								
	DATA DE SAÍDA								
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA									



FEAGA



ANEXO II Documentación complementaria

1. DENOMINACIÓN.								
2. ORGANIZACIÓN OU EMPRESA SOLICITANTE.								
2.1. Presentación. <i>Nome, enderezo, correo electrónico, teléfono, fax, persoa de contacto responsable da coordinación do programa.</i>								
2.2. Características da organización ou empresa solicitante. <i>Representatividade, importancia no sector.</i>								
2.3. Acreditación da capacidade financeira e experiencia.								
3. DESCRICIÓN DOS MEDIOS PARA A EXECUCIÓN DA ACCIÓN OU PROGRAMA.								
3.1. Descrición. <i>Nome, enderezo, correo electrónico, teléfono, fax e persoa de contacto. Se seleccionaron varios organismos de ejecución, indíquense as actuacións que aplicarán cada un deles.</i>								
3.2. Xustificación da competencia técnica e da capacidade para executar o programa <i>Especificación das competencias técnicas (persoal e medios) e financeiras.</i>								
4. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN OU PROGRAMA.								
4.1. Produto.								
4.2. Tipo de programa: información/promoción/mixto.								
4.3. Mercado(s) destinatario(s)								
4.4. Duración. <i>12-24-36 meses.</i>								
4.5. ¿Trátase da continuación dun programa anterior realizado pola mesma organización solicitante?								
5. DESCRICIÓN DA ACCIÓN OU PROGRAMA.								
5.1. Obxectivo (s).								
5.2. Estratexia.								
5.3. Destinatarios.								
5.4. Mensaxes que se pretende transmitir.								
5.5. Accións. <i>Actuacións por países, incluíndo o seu alcance/volume e calendario previsto. Descrición de cada actividade. Aspectos cubertos (seguraza alimentaria, calidade, métodos de produción específicos, etiquetaxe, respecto ao ambiente, imaxe dos produtos comunitarios, indicacións xeográficas ou denominacións de orixe, produtos ecolóxicos, aspectos culturais). Xustificación do orzamento previsto para cada actividade.</i>								
5.6. Orzamento. <i>Cadro recapitulativo por país destinatario, actividade e ano.</i> <p style="text-align: center;">- ORZAMENTO RECAPITULATIVO: (€)</p>								
ACTUACIÓN	Exercicio I 1-1-2009 ATA 31-7-2009		Exercicio II 1-8-2009 ATA 31-7-2010		Exercicio III 1-8-2010 ATA 31-7-2011		TOTAL	
1.								
2.								
3.								
TOTAL								
6. REPERCUSIÓN PREVISIBLE. <i>Especifíquese e cuantifíquese a repercusión previsible en termos de resultados. Especifíquese como se medirán os resultados ou repercusións.</i>								
7. INTERESE NACIONAL E DIMENSIÓN EUROPEA DO PROGRAMA.								
8. PLAN DE FINANCIAMENTO. <p style="text-align: center;">PLAN DE FINANCIAMENTO: (€)</p>								
COFINANCIAMENTO	Exercicio I	%	Exercicio II	%	Exercicio III	%	TOTAL	%
UE PROPOÑENTE		50 50		50 50		50 50		50 50
TOTAL		100		100		100		100
9. OUTROS DATOS PERTINENTES								



FEAGA



ANEXO III

Accións e actividades de promoción

Accións (artigo 10 do R(CE) 479/2008)	Actividades
Relacións públicas e medidas de promoción e publicidade que destaquen en particular as vantaxes dos produtos comunitarios en termos de calidade, seguraza alimentaria e respecto ao ambiente.	-Misións comerciais. -Campañas publicitarias de natureza diversa (TV, radio, prensa, eventos, etc.). -Promocións en puntos de venda. -Portais web para promoción exterior. -Misións inversas. -Oficinas de información. -Gabinete de prensa. -Presentacións de produto.
Participación en manifestacións, feiras e exposicións de importancia internacional.	-Feiras e exposicións internacionais, etc., sectoriais ou xerais, profesionais e de consumidores.
Campañas de información, en particular sobre os sistemas comunitarios de denominacións de orixe, indicacións xeográficas e producións ecolóxicas.	-Encontros empresariais, profesionais, líderes de opinión e consumidores. -Xornadas, seminarios, catas, degustacións, etc.
Estudos de novos mercados, necesarios para a busca de novas saídas comerciais.	-Estudos e informes de mercado.
Avaliación dos resultados das medidas de promoción e información.	-Estudos de avaliación de resultados das medidas de promoción. -Auditorías de execución de medidas e gastos das accións.

ANEXO IV

Lista de produtos

Os produtos mencionados no artigo 6º son os seguintes:

1. Viño.
2. Viño de licor.
3. Viño espumoso.

4. Viño espumoso de calidade.
5. Viño espumoso aromático de calidade.
6. Viño de agulla.
7. Viño de agulla gasificado.
8. Viño de uvas pasificadas.
9. Viño de uvas sobremaduradas.
10. Viños procedentes da produción ecolóxica.



FEAGA



ANEXO V

Criterios de avaliación

	<u>Puntuación máxima</u>
1. Interese xeral do programa:	
a) Repercusión do programa	5 puntos
b) Representatividade do proponente	5 puntos
1. Subtotal	10 puntos
2. Calidade e eficacia do programa:	
a) Coherencia entre os obxectivos, as mensaxes, as accións e os canais de información	5 puntos
b) Alcance e cobertura das accións do programa en termos de duración e grupos destinatarios (impactos previstos)	5 puntos
c) Presentación e calidade das mensaxes (creatividade) e a súa adaptación ao mercado de destino	5 puntos
d) Relación calidade/prezo	5 puntos
e) Método para medir a repercusión	5 puntos
2. Subtotal	25 puntos
3. Solvencia técnica do proponente:	
a) Implantación internacional e experiencia exportadora xeral	10 puntos
b) Experiencia en programas de promoción exterior	10 puntos
c) Estrutura e capacidade técnica para a execución do programa	10 puntos
3. Subtotal	30 puntos
4. Capacidade de resposta comercial:	
a) Disponibilidade de distribución no mercado de destino	5 puntos
b) Porcentaxe de exportación sobre total vendas	10 puntos
c) Amplitude e diversificación da carteira de produtos	10 puntos
4. Subtotal	25 puntos
5. Interese para a comunidade autónoma:	
Programas relativos a viños con denominación de orixe	10 puntos
5. Subtotal	10 puntos
Avaliación total xeral	100 puntos



FEAGA



ANEXO V-B Especificacións criterios de avaliación

1. Interese xeral do programa:
 - a) Importancia do programa para a situación do mercado ou as necesidades do sector.
 - b) Representatividade do proponente: en función da importancia da empresa ou o colectivo na zona vitivinícola á que representa e, de ser o caso, noutras zonas.
2. Calidade e eficacia do programa.
 - a) Coherencia técnica e económica entre os obxectivos, as mensaxes, as accións e os canais de información.
 - b) Alcance e cobertura das accións do programa en termos de duración e grupos destinatarios (contactos previstos).
 - c) Presentación e calidade das mensaxes (creatividade) e a súa adaptación ao mercado de destino: valorarase a capacidade estimada da mensaxe para conseguir o efecto desexado no mercado de destino e tomando en consideración o target en destino para o que están previstos.
 - d) Relación calidade/prezo: valorarase de 0 a 5 puntos en función da repercusión estimada polo proponente en termos de impactos o incremento previsible das súas vendas, en relación co custo da acción proposta.
 - e) Método para medir a repercusión.
3. Solvencia do proponente:
 - a) Implantación internacional e experiencia exportadora xeral: valorarase de 0 a 10 os anos de experiencia exportadora do proponente, en proporción directa (0 puntos para quen non teña nada de experiencia exportadora, 5 puntos para quen leve exportando 5 anos e 10 puntos para quen leve exportando 10 anos ou máis).
 - b) Experiencia en programas de promoción exterior: valorarase de 0 a 10 os anos de experiencia en programas de promoción internacional do proponente, tanto con recursos propios como con subvencións, en proporción directa: 0 puntos para quen non teña nada de experiencia en promoción exterior, 5 puntos para quen leve con programas 5 anos e 10 puntos para quen leve 10 anos ou máis.
 - c) Estructura e capacidade técnica para a execución do programa: valorarase de 0 a 10 puntos, en función de:
 - i) a existencia ou non e, de ser o caso, o tamaño e a experiencia do departamento de comercio exterior da entidade;
 - ii) a existencia ou non e, de ser o caso, o tamaño e a experiencia do departamento de márketing na entidade proponente;
 - iii) os medios dispoñibles no país de destino da promoción, xa sexan propios (recursos e experiencia) como alleos (experiencia e relación coa axencia contratada).
4. Capacidade de resposta comercial:
 - a) Disponibilidade de distribución no mercado de destino.
 - b) Porcentaxe de exportación sobre total de vendas: valorarase en función 1 a 2 da proporción (5% de exportación=10% de los puntos=0,5 puntos; 10 puntos para quen exporte 50% ou máis). Para programas colectivos calcularase a media de exportacións globais sobre total vendas dos integrantes do colectivo e valorarase conforme o mencionado anteriormente.
 - c) Amplitude e diversificación da carteira de produtos do proponente: valoraranse os aspectos complementarios:
 - i) Valoración do volume para posible resposta: máis puntos a maior volume de comercialización.
 - ii) Valoración de diversidade de tipos de viño e zonas xeográficas en que está presente: maior puntuación a maior diversidade e abano de produtos (por dar maior posibilidade de resposta de comercial).
5. Interese para a comunidade autónoma:
 - a) Programas relativos a viños con denominación de orixe: valorarase con 10 puntos os programas que inclúan a promoción dos viños dalgunha das denominacións de orixe existentes en Galicia.

ANEXO VI

DECLARACIÓN DE CONCORRENCIA DE AXUDAS

D/Dª con NIF
 como representante de
 e enderezo en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que en relación coa orde da Consellería do Medio Rural do pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros (DOG nº), non ter solicitado nin/ou concedida ningunha outra axuda para os mesmos investimentos obxecto deste expediente.

E para que conste para os efectos oportunos, asino en

,

Asdo.:

ANEXO VII

COMPROMISO DE FINANCIAMENTO

D/Dª con NIF
 como representante de
 e enderezo en

COMPROMÉTOME BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

En relación coa orde da Consellería do Medio Rural do pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros (DOG nº) a garantir o financiamento para toda a duración do programa solicitado.

E para que conste para os efectos oportunos, asino en

,

Asdo.:

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Resolución do 26 de febreiro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega.

Esta consellería resolveu a publicación da relación de beneficiarios, que se especifican no anexo, das axudas concedidas no ano 2008 ao abeiro da Orde do 27 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega.

Estas axudas fináncianse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432C.770.0 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2009.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO

Relación de beneficiarios

Beneficiario	Proxecto	Modalidade	Total axuda €	2008	2009
Ficción Producciones, S.L.	<i>O Camiño</i>	D	15.000,00	10.900,00	4.100,00
Alén Filmes, S.L.	<i>Sexado. Cápsulas de sexo adolescente</i>	D	13.128,00	3.500,00	9.628,00
CINFO, contenidos informativos personalizados	<i>Xogo interactivo sobre cultura galega para TV</i>	D	15.000,00	10.900,00	4.100,00
Filmanova, S.L.	<i>A. A. (Alex Asperger)</i>	D	9.747,00	7.000,00	2.747,00
Ilux Visual Technologies, S.L.	<i>Obradoiro. Libro de pedra</i>	P	38.623,00	28.100,00	10.523,00
Continental Producciones, S.L.	<i>Emotional training</i>	D	13.068,50	6.600,00	6.468,50
New Gravity Laus, S.L.	<i>Videoxogo de A crise carnívora</i>	D	15.000,00	5.600,00	9.400,00
New Gravity Laus, S.L.	<i>Digit</i>	P	37.251,50	2.400,00	34.851,50
Ilux Visual Technologies, S.L.	<i>Patrimonio inmersivo: a Torre de Hércules en second life</i>	D	10.619,00	7.600,00	3.019,00
Bidimobile, S.L.	<i>BidiBook</i>	P	9.540,50	7.000,00	2.540,50
Interacción CIM, S.L.	<i>Kalandraka Interactivos</i>	D	9.219,50	6.600,00	2.619,50
Muñoz Fernández, Mª Eugenia	<i>Ourense medieval</i>	P	13.803,00	3.800,00	10.003,00